



Modificación dos apartados 6 e 10 da RESOLUCIÓN do 15 de Xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2021/22.

O apartado 6 queda redactado como segue:

Apartado 6. Requisitos dos PFPP

1. Os PFPP deberán ser **presentados** ao claustro e ao consello escolar e incluíranse na programación xeral anual do centro.

O punto 3 do apartado 10 queda como segue:

Apartado 10. Proceso de preinscrición, solicitude, documentación necesaria e prazos de presentación

3. Documentación complementaria:

a) Á solicitude deberá xuntarse a seguinte documentación, que tamén se obtén a través da aplicación Fprofe:

- Informe de detección de necesidades formativas.

- Proxecto do PFPP en centros (anexo II de Fprofe).

- Certificación expedida polo/a director/a da **presentación** do PFPP ao claustro e ao consello escolar (anexo III de Fprofe).

En Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

